

## Oferta de servizos para colexios e grupos 2017

PARQUE ARQUEOLÓXICO  
DA ARTE RUPESTRE  
Campo Lameiro

galicia



XUNTA  
DE GALICIA

### Centro de Interpretación

Unha exposición permanente de visita libre ou guiada introduciranos na Idade do Bronce achegándonos á vida fai 4.000 anos.

### Área Arqueolóxica

Aquí atopamos os petróglifos, inmersos na paisaxe cultural e natural na que foron creados e e que lles da sentido, así como a reconstrución dunha pequena aldea.

### Cafetería-Restaurante

Un espazo de descanso para repoñer forzas e disfrutar da cociña local durante a túa estada no Parque.

### Outros Servizos

Contamos cunha tenda de recordos para que lembres o teu paso polo Parque, así como unha zona de merendeiro e un labirinto pensado para os máis cativos.



### LOCALIZACIÓN

Concello de Campo Lameiro (Pontevedra)  
Capital da Arte Rupestre



42°32'30.9"N 8°31'49.8"W

### INFORMACIÓN

Se precisas máis información podes consultar a nosa páxina [www.paar.es](http://www.paar.es). Na sección de escolares e grupos atoparás un dossier completo das nosas actividades e servizos.

O Parque é un Centro de Interpretación de referencia na Arte Rupestre no contexto europeo, formando parte Camiño de Arte Rupestre Prehistórico (CARP) e do Itinerario Cultural Europeo. En Galicia forma parte da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico (RGPA).



RGPA



### CONTACTO

Calquera persoa do equipo escolar/grupos estará encantada de atender e ampliar a información que precisas, só tes que chamar ó **986 69 60 66** en horario de apertura do Parque ou enviar un correo electrónico as seguintes direccións:

Información xeral: [info@paar.es](mailto:info@paar.es)

Reservas de grupos e particulares: [reservas@paar.es](mailto:reservas@paar.es)

Grupos escolares e ANPAS: [didactica@paar.es](mailto:didactica@paar.es)

¡Tamén estamos nas redes sociais!



## CONSTRÚE UNHA EXPERIENCIA Á TÚA MEDIDA

Adapta a visita ás túas necesidades e preferencias coas diferentes opcións do Parque. Deseña un día perfecto na Idade do Bronce combinando como queiras as actividades. Prezo da entrada para grupos: **3,00 euros**.

## CÓNTAME ALGO DOS PETRÓGLIFOS

Un dos nosos guías acompañante pola parte máis importante da extensa Área Arqueolóxica. Inclúe o acceso libre a tódalas instalacións do Parque durante todo o día.

Duración: **1 hora** Prezo: **3,50 euros**



## QUERO SABER MÁIS DA EXPOSICIÓN

Os nosos monitores guiaranche pola exposición permanente do Centro de Interpretación do Parque.

Duración: **45 minutos**

Prezo: **1 euro** ( Engadido ó prezo da opción escollida)



## QUERO VER “EXHIBICIÓNS DE LUME E CAZA”

Un arqueólogo profesional explicarache os principais aspectos da caza e o lume ó longo da Prehistoria.

Como e porque aparecen, como evolucionan, como cambian as sociedades... todo acompañado de materiais que poderás ver e tocar.

Duración: **30 minutos**

Prezo: **1,50 euros**

## QUERO FACER “OBRADOIROS”

Se o que queres é participar, facer e experimentar esta é a túa mellor opción. Tes múltiples obradoiros onde escoller, para vivir a Prehistoria en primeira persoa.

Duración: **1 hora**

Prezo: **2 euros**

### Os nosos obradoiros:

Pinturas coas mans  
Sementes do Pasado  
Cerámica coas Mans  
Arqueólogos por un día  
Graffitis da Prehistoria  
A Gymkana do Bronce  
A voltas co lume  
Caza na Prehistoria  
Tour didáctico



## COMBINACIÓN PERFECTA

Podemos ofrecerche un conxunto de actividades que sabemos que encaixan entre elas:

### Opción 1

Visita guiada + Exhibición de lume

Duración: **1 hora e 30 minutos**

Prezo: **5 euros**

### Opción 2

Visita guiada + Obradoiro Didáctico

Duración: **2 horas**

Prezo: **5,50 euros**

### Opción 3

Visita guiada + Tour Didáctico (2 obradoiros e exhibición de lume ou caza)

Duración: **3,5 horas**

Prezo: **8 euros**

### Visitas nocturnas (Noítepedras)

Duración: **1 hora**

Prezo: **10 euros**

Duración: **2 horas**

Prezo: **15 euros**



## OFERTA DE SERVIZOS PARA GRUPOS E ESCOLARES 2017